



InfoCova

INFORMATIVO PARA USUARIOS

ABRIL 2012

<http://clubedelecturabormoio.blogspot.com.es/>

UNHA VOLTA AOS CLÁSICOS CON PINOCHO.

Contido

Novas.	1
Remexendo nos fondos...	2
Obradoiros e actividades.	2
E MOITAS COUSAS MÁIS!	

PROBA O LECTOR INTERACTIVO



Podes crer que existe un lápiz máxico? Sí, como o oes! Só hai que pasar o aparello por enriba das palabras e as páxinas dos contos cobrarán vida.

Ven a probalo a bibliocova!

Máis información: http://microsite.leapfrog.com/tag_es/index.html


O próximo 27 de abril o alumnado de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria asistirá á representación teatral dun clásico da literatura: Pinocho. Pero a obra contará cunha adaptación especial para os nosos compañeiros/as xa que os diálogos serán en inglés.

Existen numerosas versións da

obra de Collodi, tanto textuais como cinematográficas.

Unha das máis recentes é a adaptación publicada pola editorial Baía dentro da súa serie *Grandes Clásicos Adaptados*, a cal adquirimos recentemente na nosa biblioteca.

Asimismo, téñense realizado máis de 20 adaptacións para unha película entre as que se inclúe o filme ani-



mado de Disney ou a máis recente: Pinocho 3000, que tamén se atopa nos fondos da bibliocova.

COÑÉCETE A TI MESMO!

Aproveitando a viaxe á A Coruña, o alumnado dos ciclos máis pequenos visitará a DOMUS, o primeiro museo interactivo do mundo adicado ao corpo huma-

no.

Coñecerán algo máis sobre as características da especie humana a través das diferentes actividades e exposicións.


Terán a oportunidade de comprobar se a súa dieta é equilibrada ou ver en directo cómo nace un bebé.

Semella unha experiencia intere-

REMEXENDO NOS FONDOS...

Recén estreada a primavera a biblioteca ofrece **novidades** dirixidas a tódolos lectores.

Unha das adquisicións máis destacadas para o público máis pequeno é “*A bolboreta Doreta*”, conto que forma parte dun proxecto de investigación realizado por unha



mestra da escola de Vilaza e os seus alumnos/as.

Obtuvo o Premio á Innovación Educativa sobre o tema da educación ambiental.

Pola contra, se gostades dos contos de sempre pero precisades gozalos doutra maneira, a biblioteca pon a vosa disposición a colección “*Os Audiocontos*”, da editorial Galaxia.

ACTIVIDADES NO DÍA DO LIBRO.

O próximo 23 de abril celebrarase o **Día Internacional do Libro**. Trátase dunha conmemoración celebrada en tódolos países, promulgada pola UNESCO.

A elección deste día en concreto obedece a unha coincidencia xa que escritores tan destacados como Cervantes, Unamuno ou Shakespeare finaron en datas moi achegadas á elexida.

Para a biblioteca é unha data moi importante e queremos celebrala realizando un **Apadriñamento lector**.

Esta actividade consiste en que alumnos/as de cursos superiores (de 3º a 6º) se constitúan como padriños/madriñas de compañeiros/as de cursos inferiores (de Educación Infantil, 1º e 2º curso) para compartir momentos de

lectura. Así as madriñas e os padriños terán a oportunidade de lerlle historias de forma elaborada aos seus afillados/as.

“O Apadriñamento lector (...) consiste en que alumnos/as de cursos superiores se constitúan como padriños/madriñas de compañeiros de cursos inferiores.”

Trátase dunha actividade que está pensada para fomentar a lectura e os obxectivos que van a plantexarse, fundamentalmente, son:

- **Lectores:**
- 1. Favorecer a práctica da

lectura expresiva.

2. Incentivar a motivación pola lectura, adaptándose ao nivel do oínte.
3. Potenciar as relacións interpersoais.

- **Oíntes:**

1. Desenvolver a capacidade de escoita activa.
2. Mellorar a atención e a comprensión de textos orais.
3. Saber adaptarse ás persoas de diferente idade.

Os resultados desta experiencia comentaranse no próximo número do boletín.

Agardaredes ata entón?